

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 16 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convoca a realización das probas para a obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.

A Directiva 96/35/CE do Consello, do 3 de xuño de 1996, relativa á designación e á cualificación profesional de conselleiros de seguridade para o transporte por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable de mercadorías perigosas, exíxelles ás empresas de transporte de mercadorías perigosas, así como ás que efectúan operacións de carga ou descarga ligadas ao dito transporte, respectar as regras establecidas en materia de prevención dos riscos inherentes a tal clase especial de transporte. Coa finalidade de facilitar a consecución deste obxectivo, a mencionada norma obriga a tales empresas a designar conselleiros de seguridade que posúan unha formación profesional adecuada.

Pola súa parte, o Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro (BOE número 251, do 20 de outubro), sobre os conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, incorporou a citada directiva ao ordenamento xurídico interno, para cuxo efecto regulou a obriga das empresas de transporte e de carga e descarga de mercadorías perigosas de designar conselleiros de seguridade, as funcións encomendadas a estes, a cualificación profesional exixida e o procedemento de avaliación da formación requirida para garantir a posesión dun coñecemento adecuado das disposicións legais, regulamentarias e administrativas esenciais aplicables aos transportes de mercadorías perigosas.

O artigo 5 da mencionada norma regulamentaria establece que para poder exercer as funcións encomendadas aos conselleiros de seguridade, os aspirantes deberán superar previamente un exame sobre as obrigas que lles corresponden e sobre as materias recollidas no anexo do dito real decreto. O contido, as modalidades e a estrutura destes exames, así como o modelo do certificado de formación, que deberá expedirse unha vez superados estes, serán determinados por orde do ministro de Fomento.

A Orde FOM/605/2004, do 27 de febreiro (BOE número 59, do 9 de marzo), de desenvolvemento do citado real decreto, determina as modalidades dos exames que se deben superar, así como as convocatorias, a estrutura dos exercicios e os correspondentes certificados de aptitude, e dispón igualmente que as probas serán convocadas polo órgano competente

da comunidade autónoma onde vaian ter lugar. Na súa virtude,

RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar a convocatoria para a realización das probas para a obtención e renovación do certificado de capacitación profesional de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, que se rexerá polas bases que se incorporan como anexo I a esta resolución.

Segunda.-Dispoñer a publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Tercera.- Indicar que contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

Mar Chao López
Directora xeral de Transportes

ANEXO I Bases da convocatoria

Primeira.-*Obxecto e ámbito das probas.*

1. Esta convocatoria ten por obxecto a realización das probas para a obtención do certificado de capacitación profesional de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, así como para a renovación daqueles certificados de conselleiro de seguridade cuxa validez finaliza no ano 2009 e no ano 2010.

2. As referidas probas estarán dirixidas ás seguintes modalidades de transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril:

- Clase 1 (materias e obxectos explosivos).
- Clase 2 (gases).
- Clase 7 (materias radioactivas).

-Clases 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 e 9. Materias sólidas e líquidas contidas na enumeración de cada unha das clases do Acordo europeo para o transporte internacional de mercadorías perigosas (ADR) e no Regulamento relativo ao transporte internacional por ferrocarril de mercadorías perigosas (RID).

-Materias líquidas inflamables cos números de identificación da Organización de Nacións Unidas 1202 (gasóleo), 1203 (gasolina) e 1223 (queroseno).

3. Os exercicios relativos á obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade versarán, como mínimo, sobre o coñecemento das materias incluídas no programa que figura como anexo do Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

O ADR, RID e demais normativa que afecte o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril será a vixente na data de realización dos exercicios.

Segunda.-Obtención do certificado de conselleiro de seguridade.

1. As modalidades dos exames que deben superar os aspirantes a conselleiros de seguridade, a estrutura dos exercicios e a súa forma de cualificación serán as establecidas na Orde FOM/605/2004, do 27 de febreiro (BOE número 59, do 9 de marzo). Os exames referidos a cada un dos modos de transporte constarán de dúas probas.

2. A primeira delas, na que non se permitirá a consulta de textos, consistirá en responder a 50 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas. Cada resposta acertada valorarase con 2 puntos e será necesario acadar un mínimo de 50 puntos para superar esta proba. As respostas erróneas ou en branco non terán penalización. Os aspirantes disporán de 60 minutos para o desenvolvemento deste exercicio.

A segunda proba consistirá na realización dun estudo ou suposto que, con referencia ao ámbito do modo do transporte e á especialidade correspondente, versará sobre as tarefas e obrigas que deberá realizar e/ou cumprir o conselleiro. Os aspirantes disporán de 60 minutos para a realización deste exercicio e permitirase a consulta de textos sempre que non figure neles a resolución de casos prácticos. Esta segunda proba puntuarase entre 0 e 100 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 50 para a súa superación.

Terceira.-Renovación do certificado de conselleiro de seguridade.

1. Os aspirantes que fosen titulares do correspondente certificado de conselleiro de seguridade con data de caducidade nos anos 2009 e 2010 poderán solicitar a renovación do título en cuestión.

2. O exame consistirá nunha proba de 50 preguntas tipo test; valorarase cada resposta acertada con 2 puntos e será necesario acadar un mínimo de 50 para superar este exercicio. As respostas erróneas ou en branco non terán penalización. Os aspirantes disporán de 60 minutos para realizar esta proba.

Cuarta.-Solicitudes.

1. A instancia pola que se solicite participar nas probas, debidamente cuberta de conformidade cos modelos que se xuntan a esta resolución (anexo II para a obtención do certificado de conselleiro de seguridade e anexo III para a súa renovación), presentárase no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (edificio administrativo de San Caetano, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das correspondentes solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Xunto coa solicitude, o interesado deberá achegar a fotocopia do DNI vixente e, de ser o caso, o xustificante acreditativo da súa renovación e o impreso da taxa de autoliquidación correspondente á Administración.

3. No suposto de solicitar a renovación do certificado de conselleiro de seguridade deberase achegar unha copia do referido título. De conformidade co previsto na base primeira, punto 1 desta convocatoria, os certificados de conselleiro de seguridade cuxa renovación se pretenda serán os expedidos nos anos 2004 e 2005.

4. O domicilio que figure no DNI deberá estar incluído no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Noutro caso, o aspirante deberá acreditar, mediante certificado de empadramento, que tivo o seu domicilio en Galicia polo menos 185 días naturais do último ano, contados ata o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer ás probas.

Para o caso dunha antigüidade inferior a 185 días no empadramento, o aspirante deberá achegar a documentación acreditativa das razóns familiares ou profesionais que o obrigaron a cambiar a súa residencia a Galicia.

Esta última circunstancia non se entenderá cumprida cando se trate dunha estadía temporal nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada. A asistencia a unha universidade, escola ou centros docentes non implicará o traslado da residencia habitual.

Para os efectos de acreditar o cambio de residencia mencionado, o interesado deberá achegar, xunto co certificado orixinal de empadramento, a documentación xustificativa dos motivos alegados que, para o caso de invocar razóns profesionais, poderá consistir nunha copia fidedigna do contrato de traballo ou nun certificado do centro de traballo.

5. O domicilio que figure na solicitude considerárase como único válido para efectos de notificación, e será responsabilidade exclusiva do solicitante tanto o erro na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de Transportes de calquera cambio del.

6. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos aspirantes levará consigo a anulación da solicitude, sen prexuízo da adopción das demais medidas legais que procedesen.

Quinta.-Dereitos de exame.

1. De conformidade co título VI da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (DOG número 253, do 31 de decembro), os dereitos de exame fíxanse na contía de 21,40 euros por cada unha das clases que se mencionan na base primeira, punto 2 desta convocatoria.

2. Os mencionados dereitos de exame ingresaránse tras cubrir os correspondentes impresos de taxas (Consellería de: PTOPT, cód.: 06, delegación de: Sscc, cód.: 13, Servizo de: Transportes, cód.: 02; Denominación: dereitos de exame probas transportista; clave: 31.01.06).

Os referidos impresos poderanse obter nos servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, nos servizos provinciais de transportes ou nas delegacións provinciais da citada consellería.

3. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal encargado de avaliar as probas procederá á súa revisión.

Ultimado o proceso, exporase nos taboleiros de anuncios dos organismos aos que fai referencia o punto anterior a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación do motivo da súa exclusión. A dita relación tamén poderá ser examinada na páxina web da consellería <http://www.cptopt.xunta.es>.

4. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da exposición da citada lista, para poderen emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

5. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o citado tribunal publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se anuncie a exposición pública da relación definitiva de admitidos e excluídos nos organismos mencionados no punto 2 desta base quinta. A dita relación tamén poderá ser examinada na páxina web da consellería <http://www.cptopt.xunta.es>.

6. Devolveránselles os dereitos de exame aos aspirantes excluídos definitivamente das probas, sempre que o soliciten, de conformidade co modelo que

figura como anexo IV desta resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución citada no punto anterior.

Sexta.-Tribunal cualificador e desenvolvemento das probas.

1. O tribunal cualificador das probas estará constituído polos seguintes membros da Dirección Xeral de Transportes:

Presidente: Xosé Lluís Fernández Suárez.

Presidente suplente: Antón García Ríó.

Vogais:

Mercedes López Caneda.

María Inmaculada Carril Barco.

Antonio Jesús Blas Fernández.

Vogais suplentes:

Elena Nimo Mayo.

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez.

David Conde Varela.

Secretaria: Elena Prado Veiga.

Secretario suplente: Ramón Cortés Martínez.

2. As probas terán lugar o día 31 de outubro de 2009 no Palacio de Congresos, avenida San Lázaro s/n, Santiago de Compostela. Os horarios de realización dos exercicios publicaranse xunto coa relación definitiva de admitidos.

Nesta publicación o tribunal poderá ditar as instrucións que considere adecuadas para a correcta realización dos exercicios, sen prexuízo das que se determinen no mesmo momento de realización das probas.

3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, e resultará excluído da súa realización quen non compareza.

4. Os aspirantes terán que presentarse ás probas provistos do orixinal do seu documento nacional de identidade. Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios a aqueles candidatos que se presenten carecendo da documentación que se acaba de indicar.

ANEXO II



OBTENCIÓN

PROCEDEMENTO CONVOCATORIAS DE PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO CE DE FORMACIÓN DE CONSELLEIROS DE SEGURIDADE PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT310A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

A.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

B.- PROBAS A QUE SE PRESENTA (SINALE CUNHA CRUZ OS RECADROS CORRESPONDENTES)

<i>POR ESTRADA</i>	<i>POR FERROCARRIL</i>
<input type="checkbox"/> TODAS AS CLASES. <input type="checkbox"/> CLASE 1. <input type="checkbox"/> CLASE 2. <input type="checkbox"/> CLASE 7. <input type="checkbox"/> CLASE 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 E 9. <input type="checkbox"/> MATERIAS LÍQUIDAS CO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DE NACIÓNS UNIDAS 1202-1203 E 1223.	<input type="checkbox"/> TODAS AS CLASES. <input type="checkbox"/> CLASE 1. <input type="checkbox"/> CLASE 2. <input type="checkbox"/> CLASE 7. <input type="checkbox"/> CLASE 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 E 9. <input type="checkbox"/> MATERIAS LÍQUIDAS CO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DE NACIÓNS UNIDAS 1202-1203 E 1223.

A este impreso deberáselle xuntar a fotocopia do DNI e o da liquidación de taxas, que se poderá recoller na Dirección Xeral de Transportes, nas xefaturas provinciais de transportes ou delegacións provinciais da CPTOPT, facendo constar: CONSELLERÍA DE: PTOPT, CÓD.: 06; DELEGACIÓN DE: SSCC, CÓD.: 13; SERVIZO DE: TRANSPORTES, CÓD.:02; DENOMINACIÓN: dereitos de exame probas transportista; CLAVE: 31.01.06.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 16 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convoca a realización das probas para a obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSO/A QUE O REPRESENTA _____, _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Presidente do tribunal cualificador das probas para a obtención e renovación do certificado CE de conselleiros de seguridade
 Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
 Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5A, 2ª planta. Polg. das Fontiñas-Santiago de Compostela

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
 TRANSPORTES

RENOVACIÓN CERTIFICADO

PROCEDEMENTO CONVOCATORIAS DE PROBAS PARA A RENOVACIÓN DO CERTIFICADO CE DE FORMACIÓN DE CONSELLEIROS DE SEGURIDADE PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT310B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

A.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

B.- PROBAS A QUE SE PRESENTA (SINALE CUNHA CRUZ OS RECADROS CORRESPONDENTES)

<i>POR ESTRADA</i>	<i>POR FERROCARRIL</i>
<input type="checkbox"/> TODAS AS CLASES. <input type="checkbox"/> CLASE 1. <input type="checkbox"/> CLASE 2. <input type="checkbox"/> CLASE 7. <input type="checkbox"/> CLASE 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 E 9. <input type="checkbox"/> MATERIAS LÍQUIDAS CO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DE NACIÓNS UNIDAS 1202-1203 E 1223.	<input type="checkbox"/> TODAS AS CLASES. <input type="checkbox"/> CLASE 1. <input type="checkbox"/> CLASE 2. <input type="checkbox"/> CLASE 7. <input type="checkbox"/> CLASE 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 E 9. <input type="checkbox"/> MATERIAS LÍQUIDAS CO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DE NACIÓNS UNIDAS 1202-1203 E 1223.

A este impreso deberá selle xuntar a fotocopia do DNI, copia compulsada do certificado de conselleiro de seguridade e o de liquidación de taxas, que se poderá recoller na Dirección Xeral de Transportes, nas xefaturas provinciais de transportes ou delegacións provinciais da CPTOPT, facendo constar: CONSELLERÍA DE: PTOPT, CÓD.: 06; DELEGACIÓN DE: SSCC, CÓD.: 13; SERVIZO DE: TRANSPORTES, CÓD.: 02; DENOMINACIÓN: dereitos de exame probas transportista; CLAVE: 31.01.06.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 16 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convoca a realización das probas para a obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA		

Presidente do tribunal cualificador das probas para a obtención e renovación do certificado CE de conselleiros de seguridade.
 Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
 Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5A, 2ª planta. Polg. das Fontiñas -Santiago de Compostela

ANEXO IV

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES
PROBAS CONSELLEIRO DE SEGURIDADE

A.- DATOS SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE TAXAS DEREITO DE EXAME

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITO:

A devolución dos dereitos de exame

B.- DATOS DA ENTIDADE BANCARIA

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

En _____ , _____

(Data e sinatura do/da solicitante)

Dirección Xeral de Transportes

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5A, 2ª planta. Polg. das Fontiñas-Santiago de Compostela

**AXENCIA DE PROTECCIÓN
DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

Resolución do 26 de febreiro de 2009 pola que se ordena a publicación do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Cuntis.

O día 16 de febreiro de 2009 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Cuntis asinaron o convenio de adhesión dese con-

cello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 9.1º dos estatutos da axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística